

11.º Premio Meiga Moira

DE LITERATURA XUVENIL

2024

Baía Edicións convoca o premio Meiga Moira de novela xuvenil, que se rexerá polas seguintes

BASES:

Primeira

Poderán concorrer ao premio todas as autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos en lingua galega de obras de creación literaria dirixidas a rapazas e rapaces de 12 a 16 anos.

As obras deberán ser inéditas e non premiadas.

Se no período de tempo transcorrido entre a presentación do orixinal e o ditame do xurado a obra obtén outro premio ou é publicada, a autoría vese obrigada a comunicalo á editorial e non poderá recibir este premio.

Segunda

Enviaranse cinco copias debidamente encadernadas co texto, escrito en letra Times, corpo 12 e a dobre espazo, a:

BAÍA EDICIÓNS
Polígono Pocomaco, 2.ª Avda.
Parcela A2 / Nave 52.
15190 A Coruña.

O prazo de recepción de orixinais remata o 2 de abril de 2024.

Terceira

Coa obra, que deberá ser presentada baixo lema, xuntarse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo, teléfono e correo electrónico da autoría, así como o título da obra, indicando no mesmo: Premio Meiga Moira 2024.

Cuarta

O premio, que poderá quedar deserto, considerará unha única obra gañadora, á que se lle asigna unha dotación económica de **2.000 euros**.

Os posíbeis accésit contarán cunha dotación económica de **600 euros**.

As obras premiadas serán publicadas por Baía Edicións na súa colección *Meiga Moira*, renunciando as persoas gañadoras aos dereitos de autoría da primeira edición. No caso de realizarse posteriores edicións, estas rexeranse polo modelo de contrato de autoría propio de Baía Edicións.

A autoría das obras premiadas comprométese a participaren nos actos de promoción que organice a editorial.

Quinta

O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da propia editorial, que actuará, asemade, como secretaria.

Sexta

A resolución do xurado darase a coñecer o 17 de maio de 2024.

Sétima

As obras non premiadas non serán devoltas pola editorial.

Oitava

A participación nesta convocatoria presupón a aceptación das presentes bases, así como as decisións do xurado, que serán inapelábeis.

A Coruña, xaneiro de 2024

Premios Meiga Moira

2004. *O lume dos soños* (Gañadora), de Cibrán Ulloa

Un marciano neste mundo (Finalista), de Conchi Regueiro

2006. *Lóbez* (Gañadora), de Antonio Yáñez Casal

Os sons da buguina (Finalista), de Carlos Labraña

Unha cabana na Lúa (Finalista), de Jaureguizar

2008. *Os globos de andar*, de Xavier López Rodríguez

2010. *Violeta Tamurana*, de Andrea Maceiras

2012. *Bandeiras negras*, de Ana María Galego Gen

2014. *Miña querida Sherezade*, de Andrea Maceiras

2016. *Denébola a Roxa*, de Héctor Cajaraville

2018. *As voces da auga* (Gañadora *ex-aequo*), de Ánxela Gracián

Auga e Lume (Gañadora *ex-aequo*), de Pere Tobaruela

2020. *Sen obra gañadora*

2022. *Donas de nós*, de Ánxela Gracián



BAÍA EDICIÓNS

www.baiaedicions.gal